


DIARIO DE SESIÓNS



PARLAMENTO DE GALICIA

III Lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 148

Celebrada o xoves 25 de febreiro de 1993

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único (continuación): Comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros. (Doc. núm. 10.415; art. 48 da Lei da Xunta.

(Final da orde do día)

SUMARIO

Ábrese a sesión ás cinco e dezasete minutos da tarde.

Continúase coa orde do día.

Comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros. (Continuación).

Páx.4342

O señor presidente dá conta das propostas de resolución formuladas polos grupos parlamentarios que entraron no rexistro da Cámara, e roga ó señor secretario que dea lectura ó acordo da Mesa sobre as mesmas.

Debate das propostas de resolución.

Páx.4342

Os señores Oujo Bello, do G.P. Mixto (CC) Merino Mejuto do G.P. Mixto (PSG-EG), Nogueira Román, do G.P. Mixto (PSG-EG), Alvarez Domínguez (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), a señora García Negro (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Trigo Durán (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Rodríguez Feijoo (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Sánchez Presedo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e González Suárez (G.P. Popular) defenden as propostas de resolución formuladas polos seus respectivos grupos.

O señor presidente suspende a sesión por quince minutos.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor presidente abre unha rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais. Nesta rolda fan

uso da palabra os señores Oujo Bello (G.P. Mixto), Nogueira Román (G.P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Salgado García (G.P. dos Socialistas de Galicia) e González Suárez (G.P. Popular). O señor Rodríguez Pardo (G.P. dos Socialistas de Galicia) solicita unha suspensión da sesión en relación a que os señores deputados lle entregan un listado á presidencia a efectos da agrupación na votación das propostas de resolución. A tal fin, o señor presidente suspende a sesión.

Suspéndese a sesión

Reiníciase a sesión.

Votación das propostas de resolución.

Páx.4366

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.822 formulada polo G.P. Mixto (CG) obtívose o seguinte resultado: 37 votos a favor e 37 en contra.

Sometida novamente a votación esta proposta de resolución número 10.822 formulada polo G.P. Mixto (CC), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra, 37.

O señor presidente manifesta que a terceira votación se producirá ó final por se se produce esta mesma situación de empate ó longo doutras propostas.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas 10.833, 10.834, 10.835 e 10.836, formuladas polo G.P. Mixto (CC), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra, 37.

Sometidas novamente a votación as propostas de resolución números 10.833, 10.834, 10.835 e 10.836, formuladas polo G.P. Mixto (CC) obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra, 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas números 10.837 e 10.838, formuladas polo G.P. Mixto (CC), foron rexeitadas por 10 votos a favor, 37 en contra e 27 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.839, 10.840, 10.841, 10.842 e 10.844, formuladas polo G.P. Mixto (CC) obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas novamente a votación as emendas números 10.839, 10.840, 10.841, 10.842 e 10.844, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta 10.845, formulada polo G. P. Mixto (CC) foi aprobada por unanimidade.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.846, 10.847, 10.848, 10.849 e 10.850, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas novamente a votación as propostas de resolución números 10.846, 10.847, 10.848, 10.849 e 10.850, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.851, formulada polo G.P. Mixto (CG), foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.881, formulada polo G.P. Mixto (CC), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas novamente a votación a proposta de resolución número 10.881 formulada polo G.P. Mixto (CC), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.832, formulada polo G.P. Mixto (CC) foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.843, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37 votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.843, formulada polo G.P. Mixto (CC'), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

O señor presidente manifesta que se van a poñer a votación as propostas formuladas polo G.P. Mixto (PSG-EG).

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.852, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.852, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.853, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), foi rexeitada por 10 votos a favor, 37 en contra e 27 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.854, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.854, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.855, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.855, formulada polo

G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado.. votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.856, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.856, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.858, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.858, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.857, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), foi rexeitada por 10 votos a favor, 37 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.859, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.859, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.860, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), foi rexeitada por 10 votos a favor e 64 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.861, 10.878 e 10.879, formuladas polo G.P. Mixto (PSG-EG) foron aprobadas por unanimidade.

Sometida a votación a proposta 10.862, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), foi aprobada por 47 votos a favor e 27 en contra.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.863, foi rexeitada por 10 votos a favor; 37 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.864, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.864, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.865, foi rexeitada por 10 votos a favor e 64 en contra.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.866, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37 votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.866, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado, votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.867, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), foi rexeitada por 10 votos a favor; 37 en contra e 27 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.868 e 10.870, foron rexeitadas por 10 votos a favor, 37 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.869, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.869, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en con-

tra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.871, 10.872, 10.873, 10.874, 10.875 e 10.876, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.871, 10.872, 10.873, 10.874, 10.875 e 10.876, formuladas polo G.P. Mixto (PSG-EG), obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

O señor presidente aclara que a proposta de resolución número 10.879, formulada polo G.P. Mixto (PSG-EG) se votou coa modificación exposta desde a tribuna.

O señor presidente manifesta que se van votar as propostas de resolución formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

O señor González Suárez aclara que na proposta de resolución número 10.880, por consenso co señor Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego) se suprime a expresión que está entre paréntese. O señor presidente manifesta que isto xa lle foi comunicado á Mesa e a expresión que figura entre paréntese é "como Massó entre outras".

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.597 e 10.880, formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, foron aprobadas por unanimidade.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.598, 10.599, 10.600 e 10.601, formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.598, 10.599, 10.600 e 10.601, formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra

37. En consecuencia, quedan pendentes dunha terceira votación.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.602, 10.603, 10.607, 10.919 e 10.620, formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, foron rexeitadas por 10 votos a favor e 64 en contra.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.604, 10.605, 10.606, 10.608, 10.609, 10.610, 10.611 e 10.612, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.604, 10.605, 10.606, 10.608, 10.609, 10.610, 10.611 e 10.612, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

O señor presidente manifesta que a proposta de resolución 10.613 se vai votar por separado e por puntos.

Sometida a votación o primeiro punto da proposta de resolución número 10.613, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometido de novo a votación o primeiro punto da proposta de resolución número 10.613, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometido a votación o punto segundo da proposta de resolución número 10.613, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, foi rexeitado por 10 votos a favor e 64 en contra.

Sometido a votación o punto terceiro da proposta de resolución número 10.613, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, foi rexeitado: votos a favor 5, votos en contra 65, abstencións 4.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.614, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, foi rexeitado por 10 votos a favor 37 en contra e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.615, formulada polo G.P. da Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.615, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.616, formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.616, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.617 e 10.618, formuladas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas novamente a votación as propostas de resolución números 10.617 e 10.618, formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia quedan pendentes para unha terceira votación.

O señor presidente manifesta que se van votar as propostas de resolución formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

Sometida a votación a proposta 10.622, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia,

obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.622, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.623, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.623, formulada polo G.P. do; Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.624, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.624, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.625, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.625, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.626, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.626, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.627, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.627, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a emenda número 10.628, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.628, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, foi rexeitada por 37 votos a favor e 37 en contra. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.629, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.629, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.630, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.630, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o

seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.631, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.631, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.632, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.632, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.633, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número 10.633, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 7, votos en contra 37. En consecuencia queda pendente para unha terceira votación.

Sometidas conxuntamente a votación as emendas números 10.634 á 10.655, agás a 10.635, formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.634 á 10.655, agás a 10.635, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En conse-

cuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.635, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, foi rexeitada por 30 votos a favor, 42 en contra e 2 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.656, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, foi rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e 5 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.657 á 10.691, formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas 10.657 a 10.691, formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.692, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, foi rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e 7 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.693 á 10.740, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas novamente a votación as propostas de resolución números 10.639 á 10.740, formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.741, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, foi rexeitada por 35 votos a favor, 37 en contra e 2 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10. 742 ata a 10.756, formuladas polo G. P. dos Socialistas

de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor, 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.742 ata a 10.756, formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.757, 10.760, 10. 761, 10.762 e 10.763, foron rexeitadas por 32 votos a favor, 37 en contra e 5 abstencións.

Sometidas a votación as propostas de resolución números 10.784 e 10.797, formuladas polo G.P. do; Socialistas de Galicia, foron rexeitadas por 30 votos a favor, 37 en contra e 3 abstencións.

Sometidas conxuntamente a votación as propostas de resolución números 10.758, 10.759, 10.764, 10.765, 10.766, 10.767, 10.768, 10.769, 10.770, 10.771, 10.772, 10.773, 1.774, 10.775, 10.776, 10.777, 10.778, 10.779, 10.780, 10.781, 10.782, 10.783, 10.785, 10.786, 10.787, 10.788, 10.789, 10.790, 10.791, 10.792, 10.793, 10.795 e 10.796, formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación estas propostas de resolución, formuladas polo G.P. dos Socialistas de Galicia, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometidas a votación conxuntamente as propostas de resolución 10.798, e 10.799 e da 10.800 ata a 10.821, obtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometidas de novo a votación as propostas de resolución números 10.798 e 10.799 e da 10.800 ata a 10.821, obtívose o seguinte resultado: votos a favor, 37, votos en contra 37. En consecuencia, quedan pendentes para unha terceira votación.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.794, formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, ohtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37.

Sometida de novo a votación a proposta de resolución número IV. 794, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, ohtívose o seguinte resultado: votos a favor 37, votos en contra 37. En consecuencia, queda pendente para unha terceira votación.

O señor presidente anuncia que se van vota-las emendas formuladas polo G.P. Popular.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.585. formulada polo G. P. Popular; queda aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.586, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 43 votos a favor, 29 en contra e 2 abstencións

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.587, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 71 votos a favor, 2 en contra e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.588, formulada polo G. P. Popular, foi aprobada por 42 votos a favor; 31 en contra e 12 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.589. formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 47 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.590, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 47 votos a favor e 27 abstencións.

Sometida a votación a proposta número 10.591, formulada polo G.P. Popular; foi aprobada por 69 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións.

Ponse a votación a emenda 10.592, formulada polo G.P. Popular; foi aprobada por unanimidade.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.593, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 73 votos a favor e 1 abstención.

Sometida a votación a proposta de resolución 10.594, formulada polo G. P. Popular, foi aprobada por 45 votos a favor e 29 en contra.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.595, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 65 votos a favor e 7 en contra.

Sometida a votación a emenda número 10.596, formulada polo G. P. Popular; foi aprobada por 69 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións.

Sometida a votación a proposta de resolución número 10.621, formulada polo G.P. Popular; foi aprobada por 43 cotos a favor e 29 en contra.

O señor presiden te manifesta que, segundo o regulamento, procede suspende-la sesión polo tempo que estime a Presidencia a volver a votar: O señor presidente suspende a sesión e reinicia de inmediato.

O señor presidente propón ás Cámara que tódalas propostas de resolución que obtiveron empate na segunda votación, se sometan conxuntamente nunha soa votación da Cámara.

Sometidas conxuntamente a votación todas aquelas propostas de resolución que obtivero?? empate na segunda votación deuse o seguinte resultado: votos á favor 37, votos en contra 37.

O señor presidente manifesta que estas propostas se consideran decaídas.

O señor presidente levanta a sesión.

Levántase a sesión

Eran as oito e trinta minutos do serán

Reiníciase a sesión ás cinco e dezasete minutos da tarde.

- COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPO-LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMÍA, A ACTUAL SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SÚA ARTICULACIÓN E DESENVOLVEMENTO FUTUROS. (Continuación).

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión.

No prazo concedido ós grupos parlamentarios para a presentación de propostas de resolución entraron no rexistro da Cámara e foron cualificadas pola Mesa do Parlamento 14 propostas do Grupo Parlamentario Popular, 200 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 25 do Grupo Parlamentario do BNG e 59 do Grupo Mixto, correspondéndolle 28 ó PSG-EG e 31 a Coalición Galega. Sobre as devanditas propostas de resolución, a Mesa do Parlamento adoptou o acordo do que vai dar lectura o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández Rogina): Señoras e señores deputados, a Mesa do Parlamento, reunida na mañá de hoxe, examinou as propostas de resolución presentadas polos diferentes grupos parlamentarios e previo debate, acordou por unanimidade admitir todas as presentadas coa finalidade de non limita-lo dereito da Cámara a pronunciarse sobre o seu contido, pero manifestando que a interpretación dalgunha delas conforme o Regulamento obrigaría á Mesa a sometelas á canle xurídica establecida na súa tramitación posterior. Neste sentido faise constar:

Que a Proposta de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, Coalición Galega, número 10840, pola que se solicita a creación dunha comisión non permanente con respecto ós medios de comunicación, de se aprobar instrumentarase nos termos previstos no artigo 51 do Regulamento.

Que a proposta de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, PSG-EG, número 10854 pola que se solicita a creación dunha comisión permanente de loita contra o paro, de se aprobar debería instrumentarse conforme o disposto no artigo 49 do Regulamento; polo que respecta á número 10874, pola que se solicita a creación dunha comisión especial sobre medio ambiente, de se aprobar instrumentarase conforme o disposto no artigo 50 do Regulamento, Así mesmo con referencia á número 10852 deste mesmo grupo, pola que se manifesta a reprobación da xestión política do Goberno, esta Mesa entende que a mesma contén unha manifestación de sentimento político sen que xuridicamente supoña de ningún xeito un instrumento de censura, por ser esta figura xurídico parlamentaria cunha canle específica, tanto no Estatuto de autonomía coma no Regulamento da Cámara.

Que a Proposta de resolución do Grupo Parlamentario do BNG número 10601, pola que se solicita a creación dunha comisión parlamentaria non permanente para o desenvolvemento das competencias previstas no apartado 2 do artigo 27 do Estatuto de autonomía, de se aprobar someterase na súa instrumentación os requisitos establecidos no artigo 51 do Regulamento; e a número 10602, pola que se solicita a apertura dunha auditoría das catro deputacións galegas, de se aprobar someteríase ás normas específicas que regulan as relacións entre o Parlamento de Galicia e o Consello de Contas, e que se atopan en trámite de aprobación.

Finalmente, que a Proposta de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia número 10677, pola que se intenta someter a unha comisión especial do Parlamento a planta de residuos industriais de Somozas, de se aprobar someteríase na súa instrumentación xurídica á canle establecida no artigo 50 do Regulamento.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: grazas, señor Iribarren.

- DEBATE DAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Para a defensa das respectivas propostas de resolución ábrese unha rolda de intervencións de 15 minutos por grupo parlamentario. Ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Oujo Bello por Coalición Galega.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, Coalición Galega presenta unha serie de propostas de resolución que están perfectamente en concordancia coa nosa postura política expresada onte case na súa totalidade polo portavoz que interveu na sesión da tarde.

Nese sentido, a primeira resolución incide no tema que nós cremos capital para Galicia: o paro. De aí que lle pidamos ó Goberno a presentación nesta Cámara, dentro das súas propias competencias, dun plan con medidas concretas de goberno para reducir drasticamente as cifras de paro actualmente existentes en Galicia. Incidimos en que sexa dentro das competencias propias, porque somos conscientes de que as responsabilidades da Xunta de Galicia son limitadas, pero non aceptámo-lo que dixo o señor presidente da Xunta onte: que non era a súa responsabilidade. Creamos que si ten medios e si ten responsabilidades, por iso pedimos unha análise e un plan específico e urxente nesta Cámara, para que entre tódolos grupos mediante o diálogo e o consenso poidamos reducir esas cifras e incluso chegar a crea-los 68.000 postos de traballo prometidos no seu momento polo propio presidente da Xunta.

Hai un paquete de emendas do ámbito lexislativo que consideramos necesarias e urxentes para o desenvolvemento económico e social de Galicia, e que dalgún xeito foron prometidas por portavoces do Goberno ou polo propio presidente da Xunta. A primeira delas solicita presentar no Parlamento de Galicia o Proxecto de lei de ordenación territorial de Galicia; a segunda pide o Proxecto de lei de comarcalización de Galicia; e a terceira, tamén de ámbito estatutario, é un Proxecto de lei sobre o réxime xurídico das parroquias de Galicia.

Temos tamén unha serie de propostas de resolución relacionadas con accións territoriais en Galicia. Creamos que é necesario que o Goberno galego presente nesta Cámara un proxecto de medidas concretas de actuación con obxecto de

reduci-los desequilibrios interterritoriais actualmente existentes. Para iso, como accións de goberno, e como elemento fundamental para ter un presuposto inicial de traballo neste eido, pedímo-la redución nun 70% de tódolos gastos de publicidade, propaganda e campañas que teña presupostado neste momento a Xunta de Galicia, que serán para incrementa-los fondos de co-operación local e para a creación de infraestruturas básicas fundamentais nos concellos menos desenvolvidos de Galicia. Tamén consideramos que é necesaria a coordinación das entidades locais a través da Lei de coordinación das deputacións, e en especial no que se refire ós investimentos, e que estes se fagan con obxectividade, con imparcialidade e atendendo exclusivamente as necesidades existentes nos concellos e os intereses xerais de Galicia.

No ámbito empresarial e industrial é necesario que este Parlamento se meta a fondo no Plan de competitividade da empresa e da industria galega; por tal motivo solicitamos que o Goberno presente un plan especial de competitividade. Igualmente dado que as dotacións presupostarias son mínimas e nalgún caso inexistentes, cómpre que se presente un plan de actuación para a potenciación e o mantemento do tecido industrial galego; esta medida é complementaria coa primeira que cicimos da loita contra o paro. Tamén, como non, é necesario que se dinamice, e se potencie axeitadamente o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado en Ourense, con medidas incentivadoras que permitan e faciliten a captación de empresas para a súa instalación no devandito Parque. Onte preocupounos que o presidente do Goberno galego se referise ó Parque Tecnolóxico de Galicia como Parque Empresarial de Ourense; cremos que iso merece unha análise posterior que faremos oportunamente.

Temos un paquete de medidas con respecto á sanidade entre as que consideramos necesario que o Goberno da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, cree un centro para a atención e o tratamento dos enfermos da SIDA, e que non dedique os presupostos a publicidade e campañas, tal como veñen reflectindo os presupostos, senón que do capítulo VII, de investimentos de carácter inmaterial ou de campañas de propaganda, cree a infraestrutura necesaria para atender este mal. Igualmente, pedímo-la iniciación urxente dos hospitais do Barbanza e

do Salnés e que se cree tamén o hospital da Costa da Morte, que estaba incluído no PDR rexional 1979-1983.

Con respecto á infraestrutura viaria, e lamento que non estea aquí neste momento o señor conselleiro, solicitamo-la construción de dúas autovías: unha entre Santiago e Lugo e outra entre Santiago e Ourense.

Igualmente, para a potenciación dos concellos de menor renda e con menor grao de dotación de servizos, solicitamos que dos 9400 millóns de pesetas previstos para investimentos inmateriais, é dicir, publicidade, propaganda e campañas, se dediquen polo menos 6500 para a dotación de servizos nestes concellos.

Con respecto á liberdade de información e de comunicación, agradecemos-los comentarios previos do señor secretario da Mesa indicando que de ser aprobado tería o trámite regulamentario, e solicitámola creación urxente dunha comisión non permanente no Parlamento de Galicia para garantir nos medios públicos de comunicación dependentes da Xunta de Galicia, a Televisión e a Radio galegas, a obxectividade, a veracidade e a imparcialidade das informacións, así como o pluralismo político.

No que atinxe os temas lingüísticos, en primeiro lugar lamentamos publicamente, reprobamos e pedímo-lo apoio da Cámara respecto do comportamento inxustificable do Partido Popular onte en Madrid, votando en contra de que o galego se utilice no Senado polo menos unha vez ó ano; neste sentido vén a nosa emenda. Pedimos tamén que se cumpra a Lei de normalización lingüística, sobre todo cos altos cargos da Xunta de Galicia, para que de acordo co artigo 6.4 desa lei fomenten e promovan as comunicacións cos administrados en galego oral ou escrito. Igualmente solicitamos que o galego se poida utilizar no Parlamento europeo, e incluso que a proposta que se aprobou onte no Senado sexa incrementada; para iso pedimos que a Xunta negocie co Goberno Central o incremento do galego no Senado. Parécenos unha situación abraiante que o partido que goberna en Galicia, que fala de galeguismo e que é o defensor da lingua galega, onte votase en Madrid en contra do galego.

No ámbito agrario hai dúas accións determinantes: unha é un plan especial de apoio ó sector leiteiro con medidas concretas de actuación a curto e a medio prazo; e a outra, desde o apoio mostrado sempre por Coalición Galega na defensa da natureza, baséase na necesidade para este país de que veña o conselleiro cun plan especial de actuacións para a protección das especies en perigo de extinción.

Igualmente, queremos unhas accións especiais de goberno en comarcas que nós entendemos que están deprimidas e que necesitan o apoio específico do Goberno galego. Non é unha lista pechada, senón que pode estar aberta a outras suxerencias. Coidamos que debía presentarse no Parlamento urxentemente un plan especial de desenvolvemento da comarca da Fonsagrada e de Lemos en Lugo, da comarca da Limia, de Valdeorras e do Ribeiro na provincia de Ourense.

E por último, no ámbito da pesca o Goberno debería incidir urxentemente nun plan especial de desenvolvemento do sector conserveiro e, igualmente, nun plan específico de apoio por parte da Xunta de Galicia á flota conxeladora, dada a problemática existente nesta importante parte do sector pesqueiro.

Estas son practicamente tódalas propostas de resolución. E pídolles ás súas señorías o seu apoio a todas elas, dado que son positivas e constructivas e intentan concienciar e axudar ó Goberno a facer un mellor labor.

Máis nada e moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira)

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Oujo.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMÁN: Señor presidente, señorías, no tempo que temos non hai realmente oportunidade de defender a fondo tódalas resolucións. Polo tanto, concentrámonos nalgúns moi concretas que consideramos máis

relevantes, o deputado Domingo Merino e mais eu imos repartírnola defensa das resolucións do PSG-Esquerda Galega.

A primeira que presentamos solicita a reprobação da xestión política do Goberno do presidente Manuel Fraga. Está claro que nos termos en que está presentada esta resolución non causa inmediatamente efectos xurídicos, pero si políticos. Se chega a ser aprobada por este Parlamento, loxicamente o señor Fraga debería disolverlo seu Goberno ou dimitir. E presento esta resolución por dúas razóns xenéricas fundamentais que xa anunciei no debate de onte: o señor Fraga fixo ben o mal e fixo mal o ben. Fixo ben o mal de forma desmesurada, incluso, por exemplo, de forma moi concreta na Lei electoral; o que eu non sei é se o señor Fraga o fixo por maldade ou por estupidez, collendo as dúas propostas subxectivas relevantes do historiador Cipolla que onte citei. Para min que non o fixo por estupidez, senón por maldade, Sen ser consciente realmente do que estaba facendo, á parte diso.

Pero ademais creo que o señor Fraga fixo mal a súa política por dúas razóns fundamentais:

Primeira. Desde o punto de vista económico témo-lo caso do paro. Señorías do Partido Popular, o seu partido en Madrid está dicindo estes días que cada día que pasa se perden 2.000 postos de traballo. ¿Saben vostedes cantos postos de traballo se perden cada día en Galicia?: 3.000. Se tivesemo-la poboación española, serían 3.000 os postos de traballo, o 50% máis en Galicia, e tendo xa un presupostos que chega ó 20% do Produto Interior Bruto galego non se pode dicir que non se teñen competencias; e di isto un nacionalista galego que quere infinitamente máis competencias das que temos.

Segunda. A cuestión da nacionalidade histórica. Non somos Cataluña nin Euskadi, e estamos tendendo claramente a pasa-las autonomías de vía lenta pola acción do señor Fraga, porque están utilizando recursos públicos xa extraordinarios cunha forma de corrupción: a do clientelismo exacerbado. Por estas razóns creo que este Goberno merece a reprobação.

En segundo lugar, pedimos un plan de loita contra o paro, e incluso a creación dunha comisión parlamentaria permanente con este fin.

Despois -e chamo a atención porque é unha auténtica alarma que hai que ter en Galicia-, se se cumpre o programa do Partido Popular e, polo tanto, do señor Fraga, nos próximos tempos serán privatizadas co risco de desaparición Repsol, Ence, Inespal, Bazán e Astano en Galicia. O señor Fraga debe negalo ou aceptar que corremos este risco. Acepta-lo señor Fraga o programa do señor Aznar é auténticamente unha irresponsabilidade. Pedimos ademais que este Parlamento reclame claramente que as Cortes traten de forma inmediata as leis que están alí de reforma do artigo 82 da Lei xeral de sanidade, que nos permitiría estar igual co resto do Estado en canto ó financiamento da sanidade e dos portos de interese xeral.

Tamén pedimos que Galicia participe no Plan director de investimentos creado polo Estado, polo Ministerio de Obras Públicas e Transportes, que amosa unha carencia total de sensibilidade respecto de Galicia porque no tren, concretamente, só espera chegar a Valladolid e Porto. E pensen as súas señorías o seguinte: se isto chega a realizarse e non hai o tren de alta velocidade ata Galicia, sería discriminar sobre todo, á Coruña e ó norte de Galicia, porque desde Vigo se crearía un tren rápido que iría ata Porto, pero non se podería face-lo mesmo desde A Coruña, e o sur de Galicia, atraído cara a Porto, sería desmembrado do norte do noso país, por irresponsabilidade dos que están facendo esta operación.

Pedimos tamén medidas de protección ás familias e ás mulleres que traballan, e ás que non traballan tamén, querendo que traballen. Dígo-lles unicamente o seguinte, señorías: en Francia, unha familia que teña catro nenos recibe cada mes 65.000 pesetas suplementarias polos nenos; ¿canto reciben en España?, nada, practicamente nada, e en Galicia igual. O Goberno do señor Fraga non fixo nada a favor das familias; e xa non cito outras medidas de Francia e doutros países europeos. É unha auténtica discriminación contra as mulleres que queren traballar e en xeral contra as familias.

Solicitamos que se reclame a creación dunha confederación hidrográfica de Galicia con sede na Coruña, de forma que o Miño e outras cuncas pertenczan á competencia galega.

Tamén reclamamos que se utilice, claro está, o galego no Senado. ¿Como se pode dicir que se van utilizar 10.000 millóns de pesetas a favor do galego cando o partido ó que pertence o presidente nega onte a utilización do galego no Senado, unha lingua universal?

E pedimos por fin, á parte do que defenda o meu compañeiro Domingo Merino, que este Parlamento, demostrando o seu carácter universal, condene as violacións que están producindo en Bosnia. A miña compañeira Ana Gandón estivo este día alí con 2.000 mulleres de toda Europa e chegou cunha idea clara: pode haber culpas por tódolos lados, pero hai un culpable clarísimo que é o Exército serbio. Porque Serbia, señorías, á parte de que se repartan as culpas, é a culpable por querer evita-la soberanía das nacións que o intentaron, e dígoo de forma clara e quero que o Parlamento galego se pronuncie neste sentido.

Motísimas gracias.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Merino Mejuto.

O señor MERINO MEJUTO: Moitas gracias, señor presidente, por reparar ete problema co meu compañeiro de grupo.

En calquera caso, sexa cal sexa o tempo, e non quero xa perder máis con esta cuestión, creo que sería totalmente insuficiente. Vou procurar, polo tanto, centra-lo meu discurso nunha referencia obvia e necesaria que sucedeu onte nesta sesión, na que o presidente da Xunta fixo un discurso inspirado a un propio dun xefe de negociado. Un discurso que pretendía inaugura-la campaña electoral, pero que aburriu non só ó Parlamento senón a cantos tiveron a paciencia de sufrilo a través da televisión, tal como reflectiron tódolos medios de comunicación. O feito de le-los presupostos de 1993, e non só os da Xunta, creu que era suficiente para saír do paso sen tocar nin un só dos problemas que lles preocupan ós cidadáns. Mentres o señor Fraga falaba

do número de ordenadores instalados, impresoras, casas de hóspedes, a problemática dun campo privado de golf, o número de cursos e actividades da EGAP os folletos turísticos etc, a xente interrogábase sobre cando falaría de solucións para a falta de traballo, a protección do medio ambiente, o aumento da produción láctea, o traballo dos mozos, etc.

Foi un discurso sen referencias ó presente e moito menos con alternativas de futuro, e por iso non foi de estrañar que a oposición tivese que suplir-lo presidente da Xunta, nun traballo e nun debate no que se trataba de reflecti-lo estado da Autonomía. Así o fixo o PSG-Esquerda Galega, e coas súas posicións unha vez máis evidenciou que o señor Fraga máis que o presidente dunha nacionalidade histórica é o presidente, ou crése o presidente, dunha superdeputación.

Fronte a algunhas críticas da oposición recorreu, como é o seu costume, a súa condición de "padre de la Constitución", ignorando ou esquecendo voluntariamente que tal condición a adquiriu pola xenerosidade que naquel momento obtiveron con el as que tiñan maiores responsabilidades froito do resultado electoral, xenerosidade á que responde neste Parlamento o señor Fraga coa prepotencia, e que indubidablemente non lle daría tal condición de "Padre de la Constitución" se actuase daquela como el actuou neste Parlamento ou nesta lexislatura.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor MERINO MEJUTO: Si, señor presidente, vou resumir xa moi brevemente, pero permítame que faga unha pequena exposición final.

Pero esta condición de "padre de la Constitución", o señor Fraga non a utilizou para defende-las posicións de Galicia; moi ó contrario, os intereses de Galicia, o seu carácter de nacionalidade histórica, os seus dereitos, a súa lingua como nacional e propia, e así sucesivamente foron cuestións que o señor Fraga combateu.

O señor PRESIDENTE: Señor diputado, estamos no trámite de presentación e defensa. Agradézolle que abreire.

O señor MERINO MUJUTO: Señor presidente, o señor Nogueira acaba de facer referencia a algunhas medidas que intentan resolver os problemas que temos por diante, e eu realmente non vou ter tempo de resumir as outras.

É xa para rematar, señor presidente, o PSG- Esquerda Galega presenta unha serie de propostas de resolución, ademais das xa enunciadas, nas que pretendemos por unha parte vertebral o país, cumprindo o Estatuto de autonomía e o papel dos medios públicos que estean ó servizo dos cidadáns: a Televisión e a Radio galegas, etc. Tamén solicitamos medidas de tipo económico, que non se aplí que unha redución de cotas do leite, a reapertura de ASTANO para a construción de grandes buques, o medio ambiente, cuestión fundamental neste momento a través da petición de creación dunha comisión que estudie a problemática da degradación do medio, a limpeza das praias, a recuperación da fauna en perigo de extinción.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor diputado.

O señor MERINO XULIÁN: Medidas contra a drogadicción, coeducación de comunidades terapéuticas, o Instituto Galego da Muller tantas veces demandado polo PSG-Esquerda Galega, medidas fiscais contra a discriminación de profesionais e empresarios autónomos e, por fin, o problema da vivenda. Señor presidente, creio que cumpriñ co meu papel dentro do tempo realmente escaso que a súa señoría tivo a ben conceder.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor diputado. O tiempo non é o mesmo e o regulamento para detener as peticionistas de resolución.

For a graduate-level course, see Alvarez-Domínguez.

O señor ALVAREZ DÍAZ, señor FZ, señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, coa destina cerna dos seus deputados por esta ocasión para presentar as propostas de resolucións con moitas que trae a este debate sobre o futuro da Autonomía. O Bloque Nacionalista Galego por suposto que non vai pedir a reprobação do señor Fraga Iribarne, xa o fixo ante brillantemente. Xa o fixo o largo de todos os anos, e os señores que en todo caso a quen lle corresponde esta responsabilidade é ó pobo galego na próxima confrontación electoral. Por iso a hora de seleccionar as propostas de resolucións temos de contar con facer propostas que tevesen un cumprimento a longo prazo, dado o escaso tempo de lexislatura que resta.

Ben, hai unhas cuestións que o Bloque Nacionalista Galego considera importantes neste momento e, en todo caso, trata de solucionar ou de pór un parche naqueles ocos que nos atopamos ante na exposición feita polo señor Fago Leiriane. Xa antes os do Grupo Mixto do PSGL-ESquerda Galega se refireron que, concretamente o tren de alta velocidade e as obras de modernización dentro do noso país, que os do BNG non sexamos tan ambiciosos como os do PSGL-ESquerda Galega que ante un problema de tráfico de trens de alta velocidade de Galicia, eles non condanamos que se compase de 100 millóns para o Bloque Nacionalista Galego e entende para o primeiro a segunda, ou en todo caso, entenda.

O senhor Praga informou-me das suas reações e da existência de uma corrente de opinião entre a Guarda e Tormis sobre a importância de não esquecer o papel que o Bloqueio Nacionalista Graeco-jugoeslavico desempenha na situação e de ferocar-lhe, quando possível, a suprimir continuamente serviços que possam interferir com o tráfego nas linhas internas e de ligação com a comunicação do nosso país com o exterior. Nós nos validamos neste momento a taxa de que foi já feito proposta e neste sentido a favor da proposição não se trata de que se salvaguarda a autonomia do seu direito e mesmo a que a União da Grécia presente no parlamento internacional, temas de ferrovia na Grécia e a validamos que esta competência da sua competência e a validade da validade. Agradeço-lhe a sua contribuição para a exportação e a importação de mercadorias e a sua contribuição para a melhoria da situação da Grécia.

ben presentar perante a Cámara un plan de comunicación ferroviaria dentro do noso país e incluso de comunicación ferroviaria do país co exterior para que, efectivamente, a Administración do Estado non sexa recelosa á hora de facela transferencia que nos solicitamos neste momento. Isto polo que se refire a comunicacións públicas, estoume referindo a uns problemas concretos.

Tamén se falou aquí, e falou o señor Fraga Iribarne, de que eles trataban de facer competitiva a nosa produción gandeira dentro da Comunidade Económica Europea, mercado no que se ten que desenvolver Galicia neste momento.

Pero hai un problema que el non tocou e que nestes momentos se vivido con intensidade polo nobo galego, sobre todo por aqueles que están inmersos dentro do sector afectado, é a distribución das cotas lácteas que fai tanto a Administración de Bruxelas como a Administración do Estado para o noso país, que reduce a produción leiteira de Galicia practicamente ás cotas do ano 1985.

Por iso, xa digo, igual que no tema do ferrocarril, á marxe de iniciativas que o Bloque Nacionalista Galego ten presentado a este respecto nós

Neste momento reivindicamos que a Xunta de Galicia solicite á Administración do Estado que deixe sen aplicación as cotas lácteas que neste momento están distribuídas entre os gandeiros galegos e, neste sentido, tamén, que a Xunta de Galicia compareza ante a Administración do Estado, e inclusive ante os tribunais de xustiza, os decretos que fan esa distribución dentro do noso país.

Isto por referirme nada máis a dúas cuestións fundamentais: o sistema de comunicacións e o sistema da produción leiteira do noso país, un sector económico importantísimo. Por suposto que o Bloque Nacionalista Galego, sen excederse nas súas propostas de resolución, ten outros asuntos que considera oportuno traer neste momento para debater na Cámara e que supoño que serán tidos en conta os deputados que teñen a facultade de poder traer estas propostas.

Máis nada que eu queira dicir.

O señor PRESIDENTE: Permita o reloxo. A señora García Negro continúa, dentro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora GARCÍA NEGRO: Señor presidente, señoras e señores deputados, cumpreme, en nome do noso Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cingirme en breve espazo de tempo, como se ve, á defensa dun grupo de propostas de resolución que paso moi sucintamente a resumir.

Agrúpanse algunhas delas nun primeiro bloque que ten como tema a entidade do noso país. O que pedimos é algo tan sensato, tan realista e ó mesmo tempo tan necesario, como que se cumpra a lexislación favorable á normalización do uso do galego nos diferentes ámbitos, tanto do ensino como da Administración pública en xeral, na que é tan urxente e tan necesaria a presenza, coma liña oficial, do noso idioma.

Pedimos, en mesma liña, porque é unha derivada desta primeira, que toda persoa pública que se gasta desde a Xunta sexa ó servizo da lingua que é necesaria, naturalmente, do galego.

Pedimos, en terceira liña, a Administración que se implique todos os galegos e galegas, entendendo por tal que vista o futuro do idioma do galego, do futuro de persoas e institucións públicas, se contribúa a manter a lingua viva.

Como medida inmediata, tamén o que propoñemos e o que defendemos é que a Xunta se preste a corrixir, dunha vez por todas, dando cumprimento ó artigo 10 da Lei de normalización lingüística vixente, a toponimia do noso país. Non está debidamente restaurada, non está definitivamente corrixida, non hai unha lista lingüística correcta e solicitamos que, como estamos totalmente certos de que non o faremos, quebaramos na Cámara porque está, simplemente, asinado de raxon e de lexe.

O segundo bloque que se trata de levar de propostas de resolución, que propoño defender con aquelas que cumpren coa función de existencia dos medios de comunicacións e da liberdade, con liberdade este ano, de expresión, de opinión, de información, de cultura, de educación, de investigación,

servicio plural da sociedade galega, desde o punto de vista social, desde o punto cultural, desde o punto de vista político.

Solicitamos que a Xunta de Galicia, como garante da necesaria neutralidade, ecuanimidade e servizo á sociedade galega no seu conxunto, procure que destes medios se elimine calquera práctica censorial, das súas programacións e emisións, das que existen hoxe en día, como así foi denunciado con razón.

Insta a que se elaboren e programen informativos e programas ó servizo da pluralidade social e política da sociedade galega. A que se reflicta, en definitiva, a pluralidade que a sociedade galega ten -insisto- desde o punto de vista político, desde o punto de vista cultural. Que haxa programas de debate, tanto nesta dimensión política como na especificamente cultural, que recollan tódalas expresións do país e non unicamente, claro está a face gubernamental. En dúas palabras, ese "G" que leva a televisión ou que leva a Radio Galega, se converta en "G" inicial de galego ou galega e non en "G" de gubernamental.

Finalmente "last but not less". A derradeira - polo que a min me cumpre defender- das propostas de resolución, que quero comentar é unha que estou absolutamente certa e segura de que tódalas deputadas deste Parlamento, mesmo aínda que teñan que facer certa obxección de conciencia respecto do seu Grupo Parlamentario, se é que teñen que facela, que non o sei, asuman que a Xunta vaia iniciar algunha acción política de control e de seguimento das evidentes desigualdades laborais que padecen e sofren moitas traballadoras no noso país e que, na mesma medida, defendan tamén que a Xunta se preste a establecer políticas concretas de diminución do paro feminino e de facilitación do acceso ó primeiro posto de traballo por parte das mulleres, o sector, máis castigado, como se sabe, no acceso ó primeiro posto de traballo.

En terceiro lugar, que a través do SEGA-PIOM se programe unha campaña, ben prudente e ben necesaria para dignificar a imaxe das mulleres como imaxe social, como imaxe pública e, naturalmente, para alertar contra toda a violencia acumulada que contra elas se perpetra diaria-

mente. Estou segura de que tódalas deputadas desta Cámara concordará con esta medida.

Cédolle a palabra xa ó meu compañeiro, se non erro, don Alberte Rodríguez Feijoo, ou, don Francisco Trigo, perdón para que me releve na defensa das propostas de resolución que aínda o Bloque Nacionalista Galego ten que defender.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora deputada.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: O noso grupo parlamentario quere presentar unha serie de propostas de resolución que son as seguintes:

No tema do mar, expoñemos con toda claridade que hai unha problemática na flota do cerco, moi importante que hai que resolver. Nese aspecto propoñemos executar unhas medidas de revisión dos plans de pesca e unha regulación de prezos e mercados necesarios para o mantemento da propia flota.

Por outra parte, falouse moito a raíz do "Mar Exeo", dos temas de seguridade. Nós cremos que o Goberno galego debe asumir as súas propias responsabilidades nese aspecto, e propoñemos que se leve adiante un plan de execución das medidas de seguridade dentro dos portos da Comunidade Autónoma.

No tema de ordenación do territorio no que o noso conselleiro da actual Xunta de Galicia deixa tanto que desexar, que prometeunos unha Lei de ordenación do territorio que xa non vai vir aquí, mostra a súa ineficacia e inoperancia. É unha lástima que non estea aquí o conselleiro, pedimos que haxa planeamento urbanístico nos concellos de máis de 5.000 habitantes e, se non o fan, subrogación de acordo coa Lei de réxime local e, ó mesmo tempo, coa vixente Lei vixente do solo. Que haxa unha lei para os convenios urbanísticos de ámbito galego, así evitaríanse moitos disgustos que despois aparecen coa resolución de determinados recursos por parte do con-

selleiro, que crean problemas de funcionamento na propia Xunta.

Cremos que, evidentemente, os concellos non poden comprar por si sós, debido á súa capacidade económica, o 10% de vivendas de protección oficial de promoción pública para vivendas sociais. Queremos que as compre a propia Xunta a través da Consellería de Traballo e Servizos Sociais e llas ceda ós concellos. Ó mesmo tempo, cremos que debe haber un plan de vivendas de protección oficial de promoción pública para os mozos en réxime de alugueiro.

Preocupáse vostede moito dos temas das deputacións e dos plan únicos de obras e servizos. Nós propoñemos con toda claridade un plan único de obras e servizos sacando os plans actuais das deputacións. Desá maneira evitárase o fomento do caciquismo existente na actualidade nas deputacións provinciais e, realmente, pensamos que habería un mellor reparto e prioridade dos recursos.

O mesmo tempo, coidamos que existe unha duplicidade das certificacións de obra das subvencións que esta a da-la Xunta, e demostrouse neste Parlamento. Iso é un indicio máis da corrupción administrativa existente. Xa houbo un debate aquí e solicitamos con toda claridade que a Xunta dese coñecemento desa situación de duplicidade nas subvencións que ten concedidas, en especial as dos concellos do Partido Popular, e dicímosllo que lle decimos con toda claridade porque existe.

O mesmo tempo, señores, é hora xa -para evitar disgustos que teñen en vilo, realmente, a todo o Goberno de Galicia- de que se faga unha auditoría das contas das deputacións provinciais. Isto agradeceránnolo vostedes tamén, aprenderán a funcionar nelas ou polo menos, tomarán a decisión de facelas desaparecer.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Trigo.

Ten a palabra o señor Rodríguez Feijoo.

O señor RODRÍGUEZ FEIJOO: Gracias, señor presidente, breve e aceleradamente.

Dúas propostas concretas que atinguen á provincia de Lugo. Unha ó salvamento do monumento singular que constitúe a muralla de Lugo. Ningunha referencia se fixo onte por parte do señor presidente, nin á muralla nin á Gran Teatro de Lugo, dous edificios singulares, dous monumentos singulares que, evidentemente, merecen a atención desta Cámara.

Neste aspecto, reclamamos que se aprobe esta resolución que recupere definitivamente ese monumento singular da muralla.

Unha segunda referido á estrada que vai da Fonsagrada a Lugo. Seica o actual Goberno ten castigados ós cidadáns da Fonsagrada, de tódolos xeitos sería un momento oportuno para asinala paz aprobando esta resolución que mide o acondicionamiento da estrada, e que se realice antes de que remate o ano 1994.

En canto ós hospitais pídesse expresamente o comezo da construción dos hospitais comarcais do Salnés, do Barbanza e da Costa da Morte e, así mesmo, suplí-las graves deficiencias dos de Burela, Monforte e o Xeral Calde de Lugo. Onte falou-se dos hospitais e de sanidade, pero o certo é que a sanidade cada vez vai peor, vai máis abaixo e hoxe se está desmantelando o pouco que había no aspecto sanitario en varios hospitais.

Por último, a promoción do emprego. Quizais o Grupo Parlamentario Popular desta Cámara estaba agardando o debate que se vai producir sobre política social en Madrid. Nós cremos que non podemos ir a remolque dese tipo de debates, que non solucionarán a problemática social que existe en Galicia e a falta de emprego. HIMENOSA, Santa Bárbara, Massó, Cordeleirías, etc., todas estas son empresas que van perdendo emprego en lugar de gañalo.

En definitiva, cremos que a elaboración dun plan de emprego con prioridades industriais definidas pola Xunta de Galicia é pouco menos que imprescindible para poder mellorar esta situación.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Ó señor Beiras quédanlle menos 46 segundos.

O señor BEIRAS TORRADO: Gracias, señor presidente. Pois maratonianamente. Non, maratonianamente non porque son 40 kilómetros e leva moito tempo.

Son cuestións que non necesitan argumentación, senón enunciado, porque foron debatidas nesta Cámara como temas.

Primeira proposta, que reclame do Goberno central o propio Parlamento que se proceda do xeito necesario para dar rigoroso e exacto cumprimento, na práctica política, ó establecido polo artigo 30 do Estatuto de Galicia, que fixa a materia de competencia exclusiva e que di que "a Comunidade Autónoma galega participará tamén na xestión do sector público económico estatal, nos casos e actividades que procedan". En relación coa norma contida no artigo 131.2 da Constitución española, ordéase "o Goberno central elaborará os proxectos de planificación de acordo coas previsións que lles sexan subministradas polas Comunidades Autónomas.

Polo tanto, participación na planificación xeral do Estado e participación do Goberno e do Parlamento galego, pero sobre todo do Goberno, na xestión do sector público estatal radicado en Galicia.

Segunda cuestión. Revisión dos aspectos e contidos do Tratado de adhesión á CEE que lles están a causar graves prexuízos a sectores clave da economía galega, con participación da Xunta, incluídos os acordos pesqueiros con terceiros países. Onte fixemos un diagnóstico da situación da base económica deste país e é congruente que iso se tome en conta, xa que o señor residente non fixo mención disto para nada.

Terceiro. Que a Xunta de Galicia se comprometa a mante-lo sector da concesión naval existente nas rías de Ferrol e Vigo, desenvolvendo o seu potencial productivo con investimentos de fondos propios e participando no capital social das empresas no seu caso. Isto está, ademais, en vías de ser aprobado no plan estratéxico de Vigo, onde xa está sendo incorporada esta liña de dirección de actuación política.

E, finalmente, unha proposta para que o Parlamento de Galicia elabore ou inste á Xunta de Galicia a elabora-lo Plan especial de desenvolvemento da conserva, para evita-los peches das factorías -como Massó, pero non só Massó, por suposto, Massó está, neste momento, ardendo, por así dicilo, laboralmente- e a perda dos postos de traballo existentes nas mesmas, establecendo, se é o caso, medidas urxentes de potenciación e liñas de crédito asumibles pola actual situación de crise que vive o sector conserveiro.

Referinme a el onte, non vou reitera-la cuestión, é tan evidente que non precisa máis argumentacións. De vostedes depende que se aproben ou non.

Moitas gracias, señor presidente, pola súa xenerosidade.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señoras e señores, Álvarez Domínguez, García Negro, Trigo Durán, Rodríguez Feijoo e Beiras Torrado.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo polo grupo parlamentario socialista.

O señor SÁNCHEZ PRESEDO: Gracias. Señor presidente, señorías, vou comeza-la miña intervención con algo inusual, vou felicita-lo presidente do Parlamento por un dobre motivo.

En primeiro lugar, creo que ata agora o desenvolvemento da sesión foi ordenado e afortunado e, ó mesmo tempo, porque teño aquí o santoral e pon: xoves, "santos, Victorino" -polo tanto está de onomástica-, o que ocorre é que a continuación poñen "y compañeros mártires". Eu supoño que se referiría ó Grupo Popular, e a verdade...

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, se me permite da-las gracias. Eu realmente celebrego onte, que era san Modesto.

O señor SÁNCHEZ PRESEDO: O que ocorre é que o dos compañeiros dáme dá a sensación de que o deixaron para hoxe. Paréceme parece que é correcto que celebren as sesións en

datas sinaladas, e a verdade é que cando vexo que o presidente da Xunta abandona o seu sillón é deixa de estar co Goberno e co seu grupo parlamentario, a min parece-me o anuncio dunha retirada, unha retirada que, ademais, non se fai cara Perbes senón que se fai cara a Madrid. Esa é a sensación que eu teño.

O presidente da Xunta tiña que estar hoxe aquí, no seu sillón, porque hoxe é a conclusión normal dun debate. Un debate no que non se trata soamente de falar de Galicia, senón de adquirir compromisos respecto do futuro de Galicia, e, desde o noso punto de vista, este debate ten dúas partes moi importantes, e as duascientas propostas que presenta o Grupo Parlamentario Socialista -que é o grupo que presenta maior número de propostas, de cada tres, dúas son do Grupo Parlamentario Socialista- responden, desde o noso punto de vista, a unha dobre finalidade, unha finalidade coherente co debate sobre o estado da Autonomía.

En primeiro lugar, nós dicíamos que o balance que presentaba o señor Fraga Iribarne era moi negativo para o noso país e, ademais, dicíamos que existía unha clara falta de iniciativa política. Pois ben, nós pensamos con toda claridade que as solucións que necesita Galicia non vai ser posible que se proporcionen nesta Cámara, pensamos que non é posible porque sería inútil unha moción de censura. Dicía Ortega e Gasset que tódolos esforzos inútiles producen melancolía, e a moción de censura sería un exercicio de inutilidade.

Cremos que as solucións que Galicia necesita teñen que vir directamente da sociedade, e cando nós queremos que existan cambios importantes en Galicia o que estamos proponendo é que tamén queremos que se produzan cambios importantes neste Parlamento, cambios substanciais, porque a maioría que nós queremos e a maioría que Galicia necesita non está neste Parlamento, pero pensamos que si pode estar na sociedade en torno a un proxecto de progreso, un proxecto de liña socialdemócrata apoiado en tres grandes ideas, que son as ideas que están nas nosas resolucións: Emprego, cultura e Europa. Esa é a triada de obxectivos que nós queremos situar no centro do país galego: emprego, cultura e Europa.

Pero como pensamos que non existen solucións e queremos un proxecto sen hipotecas para que Galicia poida avanzar con maior rapidez, e esa solución ten que dala a sociedade galega, que si cabe agora é algún tipo de paliativo; podemos agardar paliativos, son posibles. Por iso a reprobación ós membros do Goberno, desde o noso punto de vista, é unha oportunidade que lle brindamos ó presidente da Xunta de Galicia para que lle demostre a Galicia que ten algo mellor que ofrecer.

A min ofrecíame facía moita gracia esa anécdota de Mark Twain na que dicía que “estou seguro de que a música de Wagner non é tan mala como soa”, e hai moitos en Galicia que din, “estou seguro de que Fraga non é tan malo, éo realmente o seu Goberno.” Por iso o que eu lle dou a Fraga é a oportunidade de mostrar que non é o Goberno o responsable dos erros de Galicia. A sensación que teño, sen embargo, é que esta oportunidade non se vai aproveitar, que imos seguir cun encefalograma plano e, desde logo, a min o que me gustaría é que se aproveitase esta oportunidade para imprimir un novo impulso na vida política de Galicia e, sobre todo, para que o presidente sexa coherente coas súas afirmacións.

Nós pensamos que este goberno é un Goberno non pode resistir un día máis a fronte das súas responsabilidades, é un Goberno terminal, e incluso pensamos que hai parte deste Goberno que debería ser obxecto dun cesamento específico, non soamente por razóns de ineficacia senón tamén por lle transmitir á sociedade razóns de exemplaridade.

As resolucións que nós propoñemos, á parte desta visión negativa que existe sobre o Goberno, son resolucións constructivas, son numerosísimas resolucións. Dicía que son duascientas resolucións, das case trescentas da Cámara. Son resolucións que abranguen o conxunto de actividades que se refire á vida do noso país, á economía, ós sectores productivos, á agricultura, á pesca, a industria, ó comercio, ó turismo. Refírome ós servizos públicos de educación, de saúde, á vivenda, ós servizos sociais. Son iniciativas que tratan de enviar mensaxes ós distintos sectores da poboación de Galicia dicíndolles que os temos en conta: ós mozos, ás mulleres, ás persoas da terceira idade, ós menores, ás persoas que están sufrindo o azote da droga, a todos eles

dicímoslles que temos neste país propostas para traballar. Do que se trata é de que Galicia teña a seguridade de que ten un Goberno cuns obxectivos claros, con algo útil que facer polo noso país. Sen embargo, ás veces témo-la sensación de que traer estas propostas aquí é como tratar de traer gasolina super cando vostedes se empeñan en andar a pedais. Incluso ás veces teño a sensación de que cando chegan ás costas, ademáis lles fallan as pernas, e non son capaces de subilas. A verdade é que non é moi difícil andar cando se vai baixando, cando as cousas son favorables, pero o que necesita o país é un impulso nos momentos máis difíciles.

Nós queremos dicir coas nosas emendas que Galicia non está esgotada nin cansada, que Galicia non se corresponde coa imaxe que onte transmitiu o Presidente da Xunta de Galicia, que este é un país que ten moitas cousas polas que traballar, que ten moitos obxectivos polos que ilusionarse.

En Galicia é posible que apostemos polo emprego, pero apostemos polo emprego facendo unha economía moito máis competitiva, unha economía máis productiva, facendo máis flexible o marco laboral, tratando de que exista maior solidariedade entre tódolos axentes sociais e económicos.

Pensamos que é posible que en Galicia exista mais cultura, tamén, pero cultura nun sentido amplo, entendida como unha forma de vivir, unha forma de vivir que require benestar físico, saúde, que require tamén un sentimento de vínculos sociais de solidariedade, de protección social, de servizos sociais. A cultura require educación, formación, necesita ese espello que é o medio ambiente.

En Galicia, cando falamos da nosa Terra, poñemos Terra con maiúsculas, por algo será, porque temos un sentido da nosa cultura moi vinculado á nosa Terra, e o que nós queremos é que estea tamén moi vinculado á nosa xente, que existan auténticos vínculos de país entre tódolos galegos. Queremos emprego, queremos cultura e queremos Europa, porque Europa, dicíao onte, é o futuro nun mundo que está cambiando, é o novo escenario no que os galegos queremos participar porque temos algo que dicir.

Agora non se trata xa de que emigren persoas, de que existan persoas que vaian fóra, agora temos que mandar produtos, mandar ideas, obras de arte. Hoxe os galegos temos moito que lle ofrecer a Europa, non temos simplemente que ofrecer un país sen posibilidades, que levaba á emigración. O que antes ofreciamos era a negatividade dun país, pero Galicia ten que lle achegar algo a Europa e para facelo o camiño de Europa é un camiño, ó mellor, de nós mesmos, é un camiño de Galicia cara ó seu futuro porque, á en definitiva Europa, é un proxecto que, estean as siglas que estean, foi construído pola social-democracia porque, á fin e ó cabo, os conservadores limitáronse a conserva-lo que os progresistas construíron dentro de Europa.

Nós pensamos que aquí hai que facer ese camiño de emprego, de cultura e de Europa que existe nos outros países e fronte a esa imaxe dun presidente que xa se retira desta Cámara, porque probablemente lle falta motivación política, nós estamos aquí con trescentas emendas, con trescentas propostas para dicir que este país ten que ir adiante e que ten moito futuro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Presedo.

Ten a palabra o señor González Suárez polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Señor presidente, señorías, o noso grupo parlamentario presenta trece propostas de resolución á consideración desta Cámara, todas elas dirixidas a mellora-lo noso tecido productivo e ó fomento do emprego, fundamentalmente, en consonancia co que onte se debateu neste Parlamento.

A primeira proposta de resolución refírese á creación dun grupo industrial no sector específico de produción láctea, que reúna o maior número posible de cooperativas e industrias galegas co fin de acadar-la necesaria integración dos axentes implicados na transformación e comercialización de produtos lácteos e así facerlle fronte á competencia de grupos industriais que operan no ámbito europeo para conseguirlas ine-

ludibles economías de escala que abaraten o custo dos procesos industriais, incrementen o seu valor engadido e aseguren a comercialización da produción.

As propostas de resolución números 10.586, 10.589 e 10.590 teñen unha incidencia común referida especialmente ós estaleiros galegos. Na primeira solicítaseñe á Xunta que reclame do Goberno central a derogación inmediata da Orde do 24 de novembro de 1992, do Ministerio de Economía e Facenda, que modifica o réxime existente ata aquela data e a volta ás condicións preexistentes do sistema de axuda recíproco de intereses -coñecido por CARI-, e queasí os nosos asteleiros poidan ofertar contratos de exportación, en condicións ó OCDE semellantes ós da competencia.

A seguinte proposta fai mención a que a sétima directiva da CEE, de axuda á construción naval, no seu artigo sétimo está legalmente sobrepasada e, polo tanto, se lle solicite ó Goberno do Estado o retorno á construción e transformación de buques mercantes, solicitude no mesmo sentido da proposición non de lei que xa foi aprobada neste Parlamento no ano 1991.

E, finalmente, a 1.590 vai na procura da non destrución de emprego en Bazán, en Astano e en Barreras, pois está polo tanto, solicítase a anulación regulacón de emprego en Bazán, á vista da carga de traballo existente, faise a mesma petición para Astano, volvendo á construción mercante que antes se sinalaba. E, por último en Barreras pídese o desenvolvemento dunha intensa acción comercial coa finalidade de acadar carga de traballo para este estaleiro que está a piques de entrega-lo último barco da súa carteira e como, consecuencia, irían ó paro 460 traballadores.

As propostas de resolución 10.591, 92 e 93 refírense ás grandes infraestruturas, que son elementos dinamizadores na creación de emprego, factor moi importante para dar unha resposta adecuada á crise das empresas e á atonía investidora como imos ver.

Primeiro que se anticipen os programas de infraestrutura e demais investimentos previstos para Galicia como elemento de choque.

Segundo, que se demande do Goberno do Estado a inclusión dentro do Plan director de infraestructuras para o ano 2000 a finalización da autovía do Cantábrico, desde Galicia ata a súa conexión con Asturias, Cantabria e o País Vasco.

E, por último, que se lle demande ó Goberno central a aprobación dun plan de investimentos no ferrocarril galego que o faga competitivo con outros medios de transporte, ademais da implantación dunha rede de cercanías en varias poboacións que alí se citan, dotacións de material rodante máis axeitado ás nosas características e conexión coa rede ferroviaria de alta velocidade europea, evitando así a desvertebración da nosa Comunidade Autónoma neste sentido.

E, tamén, dentro do campo das infraestructuras, hai outra proposta de resolución, a 10.594, que vai encamiñada a solicitar do Goberno central o cumprimento dos seus compromisos na realización das infraestructuras de distribución de enerxía eléctrica dentro do PER de Galicia, co obxecto de equiparala calidade do servizo á media estatal, o que significaría unha achega, no período 93-94, de case 15.000 millóns de pesetas, ben sexa a través de solucións ás empresas ou por recoñecemento excepcional de obras de electrificación en menos de 36 quilovoltios con cargo ó marco legal estable, do que existen precedentes deste tipo en obras como foron as que se fixeron para os xogos olímpicos e para a exposición de Sevilla.

As propostas de resolución 10.587 e 10.588 fórmulanse co fin específico de que se favoreza o emprego a través da primeira contratación, con reforzamento e apoio financeiro ás PEMES por unha banda e, por outra, se solicite do Goberno central a adecuación da política económica xeral, de ordenación e de regulacón do mercado do traballo, á actual situación de crise e de desemprego para posibilita-la acción corresponsable das comunidades autónomas solidarias co Estado e coa CEE, no obxecto común da loita contra o paro e, ó mesmo tempo, se lle requira á Xunta a acentuación das accións da formación profesional necesaria para mellora-la cualificación dos que estudien Formación Profesional, e con este fin específico tamén a transferencia das escolas taller e as casas de oficio que permitan unha política conxunta da formación ocupacional.

E xa para rematar presentámo-las propostas 10.595, 10.596, e 10.621, referente a primeira a que se presente un Plan autonómico de terceira idade no prazo de tres meses, co obxectivo de sensibiliza-la sociedade con respecto da situación da terceira idade, coas esixencias derivadas da evolución demográfica, sendo como é este ano 1993 o Ano europeo das persoas de idade avanzada e de solidariedade entre as xeracións.

A segunda refírese a que a comunidade científica en xeral, e a lingüística en particular, precisa relacionarse con investigadores e institucións de fóra do noso país, tanto para a súa propia formación como para o espallamento das súas investigacións. Deste xeito, o nome de Galicia, a súa lingua, a súa ciencia, a súa cultura iranase asentando no contexto internacional e, en reciprocidade, iremos enriquecendo día a día novos derroteiros que non lle impidan á nosa Comunidade estar en contacto coa comunidade internacional.

E, finalmente, a derradeira proposta insta á Xunta para que solicite do Goberno central que se instrumenten, dunha vez por todas, os mecanismos precisos que permitan a presenza do Goberno galego nos consellos de administración das empresas públicas, en tanto non se desenvolva a lei marco prevista polo noso Estatuto de autonomía.

Señor presidente, ata quí as nosas propostas de resolución que espero que acaden o voto favorable de toda a Cámara. Nunha segunda rolda expoñerémo-la nosa postura sobre as demais propostas feitas polos outros grupos parlamentarios.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas señor González Suarez.

Conforme o resolto, despois de oí-la Xunta de Portavoces e o acordo da Mesa, vaise suspender a sesión por un prazo aproximado de 20 minutos.

Rógolles ós señores portavoces que se acerquen á sala da Xunta de Portavoces. A sesión reiniciárase ás 18,45.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados reiníciase a sesión para expoñer-la posición de cada grupo sobre as propostas de resolución dos demais grupos e sobre os acordos, no seu caso, acadados.

Abrimos unha rolda de cinco minutos por cada grupo parlamentario para proceder seguidamente á votación das propostas de resolución que antes se presentaron ante o Pleno.

Ten a palabra o señor Oujo Bello por Coalición Galega.

O señor OUJO BELLO: Señor presidente, señorías, en primeiro lugar, direilles que nós, de xeito xeral, imos apoiar tódalas emendas presentadas por Esquerda Galega, o BNG e o Partido dos Socialistas de Galicia. Moitas delas son coincidentes coas que nós presentamos e outras inciden dun xeito distinto e diferenciado en temas tamén tocados por nós.

Así, señor Nogueira, queremos facer mención especial da petición de que se presente no Parlamento a Lei anticorrupción, outras coinciden coa nosa sobre comarcalización.

Co BNG coincidimos perfectamente no tema dos hospitais, no sector público, no sector conserveiro, na construción naval, na muralla de Lugo, Fonsagrada e outras comarcas e imos apoiala. Sen embargo, nunha proposta do BNG, a 10.613, se hai votación por separado, en coherencia coa nosa posición no debate desta Cámara da proposición de lei presentada hai uns días, absteríamonos nun punto dela. Quizais podíamos discutir un pouco máis o Bloque e mais nós e chegar a un entendemento, pero neste momento, por simple mecánica operativa parlamentaria, de ser votación por separado, absteríamonos nela.

Con respecto ás emendas do Partido Socialista de Galicia é difícil poder facer unha avaliación completa e detallada das mesmas, pero, en

fin, estamos totalmente de acordo coas propostas que fan con respecto á Universidade, con respecto ó turismo, pesca, ámbito empresarial e industrial, temas sociais e deportes. En deportes coincidimos reiteradamente na política presentada a través do seu portavoz, deputado por Ourense, que mostrou ó longo das súas intervencións unha concepción do deporte que nós compartimos.

Con respecto ás propostas de resolución presentadas polo Grupo Popular, é evidente que algunhas delas coinciden coas nosas de forma máis detallada, por exemplo, no que se refire ó tema industrial. No tema do paro entendemos que o que presentan é limitado e quizais non poderán acadarse os resultados previstos co enfoque que presentan, pero chama a atención unha, precisamente, que non entendémo-lo seu sentido, que é a que se refire a reforza-lo apoio financeiro ás PEMES e incluso a favorece-lo emprego a través da primeira contratación.

Estando de acordo no fondo, vemos nisto -ou queremos pensar que é- unha crítica ós dous conselleiros, unha especie de reprobación encuberta, quizais porque os dous conselleiros non teñen voto no Parlamento ou por que non son baronías de partido, pero parécenos inxusto que neste caso, precisamente, nun tema que é de competencia plena da Xunta de Galicia, teñan que acudir a esta Cámara para dicirlle ó propio Goberno que se potencien as PEMES e o primeiro emprego a través da primeira contratación.

Estamos totalmente de acordo con isto, pero hai que dicir e salientar -como dixemos hai uns días no debate da execución presupostaria- que non entendemos como un tema tan importante como un paro, o programa de axudas contra este poida ter, a 30 de setembro, en obrigas recoñecidas soamente o 35 % do presuposto, é unha contradicción.

Igualmente, unhas propostas que presenta o Grupo Popular cremos que son máis ben voluntaristas e que pide algo que non está nas súas propias competencias. Aquí vese, evidentemente, unha xogada política de intentar botar balóns fóra e, sen embargo, olvidarse das competencias que ten a Xunta de Galicia. Por exemplo, mentres que nós pedimos que se creen dúas autovías,

unha entre Santiago e Ourense e outra entre Santiago e Lugo, o Partido Popular preocúpase de que a autovía, do Cantábrico estea rematada no ano 2000. E un tema de concepción distinta dos medios económicos, claro está que a que pide o Partido Popular practicamente é de competencia do Goberno central, mentres que as que nós pedimos están dentro das competencias totais e absolutas do propio Partido Popular.

Teño que dicir que no tema lingüístico hai diferencias de opinión. Nós pensamos que por moito que pida aquí o Grupo Popular a prol da lingua galega, está por explicar aínda o comportamento do Partido Popular onte no Senado, e incluso eu creo que a Mesa do Parlamento debería pedirlle explicacións ós dous senadores do Partido Popular elixidos por esta Cámara de porque votaron en contra do galego no Senado. Creo que sería un bo tema de debate por que se opuxeron á que no Senado non se utilizase o galego, polo menos unha vez ó ano.

A nosa votación será, desde logo, en principio, coherente co comportamento dos outros grupos parlamentarios, é dicir, que chegamos a un acordo de principio polo que o Grupo Popular vai apoiar varias emendas de Coalición Galega -non todas, evidentemente-, senón tres unicamente.

Unha refírese á potenciación do Parque tecnolóxico de Galicia con medidas incentivadoras e de formación para que faciliten a captación e a instalación de empresas no mesmo.

Outra que se refire á elaboración e posta en marcha dun plan especial de desenvolvemento e potenciación do sector conserveiro galego.

E unha que é de ámbito naturalista e ecoloxista, que é presentar no Parlamento un plan especial de conservación de especies en perigo de extinción.

Sen embargo, nós temos que lamentar que non presten o mesmo apoio e sensibilidade a temas tan importantes como accións comarcais nas comarcas da Fonsagrada, Lemos, a Limia en Ourense, Valdeorras e o Ribeiro. Tamén no problema do desequilibrio interterritorial e, sobre todo, no da competitividade.

E, evidentemente, tamén lamentamos que no tema sanitario non acepten ningunha, entre elas unha que se refería á creación dun centro de atención e tratamento de enfermos da sida, e, ¡como non! as que facían referencia ós hospitais da Barbanza, do Salnés, da Costa da Morte, que non van ser apoiadas.

Polo tanto, señor presidente, creo que con isto cumpro co tempo especificado do noso posicionamento, como digo, sobre as propostas dos grupos da oposición, e relatar aquí os principios de acordo acadados con outros grupos parlamentarios.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Oujo.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, despois da reunión en busca de posibles acordos, e de manifestación tamén de desacordos dos portavoces, quero dicir, en primeiro lugar, que co desexo de contar cun apoio maioritario, incluso posiblemente unánime, nós imos modificar a resolución número 28 referente as violacións de mulleres en Bosnia, solicitando que se vote co seguinte texto.

“O Parlamento manifesta a súa absoluta condena das violacións de mulleres en Bosnia, reclamando que a comunidade internacional interveña para acabar coa cruel guerra na antiga Yugoslavia”.

Desa forma, con independencia dos xuícios que nós faciamos sobre as responsabilidades, o que se busca é o acordo con tódolos grupos, e pido que se poña a votación deste xeito.

Por outra parte, constatamos que o grupo maioritario vai votar a favor das nosas resolucións sobre a transferencia do ISM, sobre que Astano reinicie a súa actividade de construción de buques e sobre a modernización da rede ferroviaria galega e a inclusión de Galicia na rede de alta velocidade, cousa da que nos felicitamos en parte porque algunha das cuestións tratadas coinciden con resolucións presentadas por ou-

tros grupos desta Cámara que nós, consecuentemente, apoiaremos.

Despois quero dicir que imos votar a favor de tódalas resolucións presentadas por Coalición Galega.

Votaremos a favor das resolucións presentadas polo Partido Popular semellantes ás nosas e ás que eles tamén votan a favor.

Votaremos a favor de tódalas resolucións presentadas polo BNG. Unicamente solicitamos do Grupo Parlamentario do BNG que na resolución 10.613 referente á lingua galega se vote por apartados, se é posible, de tal forma que nós manifestariamos unha posición diferenciada, no apartado 3, absténdonos, e esta sección necesitaría tamén unha explicación matizada, non un rechazo total a ese punto, pero si unha explicación do porqué non imos votar francamente polo si, teríamos que facer matices. Polo tanto, se lle parece á deputada García Negro, solicitamos que poña a votación por puntos e que separe o 3.1, no cal nos absteríamos e nos demais votaríamos que si.

No caso do PSOE votaríamos a favor das súas numerosísimas resolucións, salvo unha abstención nas referentes ó tratamento das concas hidrolóxicas da Galicia costeira, porque dá por sentada esa división absurda de Galicia, aínda que a resolución en si mesma, ó mellor, non sería negativa.

Imos absternos tamén nas cuestións das urxencias sanitarias, que é a 10.784 porque, dalgunha forma, mete subrepticamente o sector privado nunha cuestión como as urxencias sanitarias e non nos parece apropiado, e na 10.797 na cuestión do ISM, onde a diferenza da nosa, que pedímo-la transferencia, piden unha colaboración co ISM.

Por outra parte, e con isto remato xa, señorías, quero dici-lo seguinte respecto de dúas manifestacións que fixo o señor Alvarez, en representación do BNG, sobre o tren, e que eu respecto, claro. Incido nisto porque é unha cuestión de desenfoque coa que eu non estou de acordo. Pedir, señorías, neste momento, a alta velocidade, non é pedir ningún luxo, a alta velocidade no tren, dentro de pouco -é dicir, ir a velocidades

altas non implica necesariamente unha vía específica de alta velocidade, senón vías nas que se poida circular a velocidades altas-, será como hoxe os avións a reacción respecto dos avións de hélice. Evidentemente, pódese viaxar con avións de hélice, pero a ninguén se lle ocorrería dicir que Galicia non necesita máis que avións de hélice, polo tanto, creo que esta idea, que aínda está presente hai que rechaza-la porque ter trens de alta velocidade, dentro de pouco, será o normal para un país de 3 millóns de habitantes que quere estar ben comunicado, simplemente, como ter un bo porto ou como te-lo aeroporto de Santiago con voos internacionais, nin máis nin menos, non é ningún luxo, será unha auténtica necesidade.

Despois, eu lamento moito que o Grupo Parlamentario Popular non vaia apoia-las resolucións respecto do paro. Eu remítome ás cifras que din antes, moito máis grave que no Estado español neste momento, máis grave do que denuncia o Partido Popular do señor Aznar fronte ó Goberno central hexemonizado polo PSOE.

Lamento moitísimo que non se teña en conta a cuestión das empresas públicas. O programa do Partido Popular é perigosísimo para a estrutura industrial galega, moi perigoso. A incidencia das empresas públicas en Galicia, na industria galega, é infinitamente superior ó conxunto de España e, polo tanto, de aplicarse en Galicia ese programa sería unha hecatombe. Quero que haxa unha reflexión en Galicia sobre semellante cuestión, e que se poña este asunto en primeiro plano.

Lamentamos moito tamén que non se apoie claramente a cuestión do uso do galego no Senado, como a reclamación das competencias completas sobre a hidroloxía, a transformación do sector lácteo, os problemas da Televisión e a participación democrática no Consello asesor que hai que crear e no Consello de Administración, a reclamación da modificación da Lei xeral de Sanidade e da Lei de portos de interese xeral, que están nas Cortes, e que é unha vergonza, un desprecio ó Parlamento galego que aínda non fosen tratadas.

Loxicamente, non esperaba que o Grupo Popular aprobase a nosa resolución de reprobación, pero insisto nela, creo que esa moción de repro-

bación, efectivamente, responde á realidade do Goberno Fraga neste momento, polas razóns que antes dixen. O paro é un símbolo grave consecuencia das políticas económicas executadas en Galicia por todo mundo nos anos 80, como a cuestión da reivindicación e a presenza de Galicia no Estado como nacionalidade histórica, como tódalas demais cuestións. Realmente, creo que este Goberno merece a reprobación que eu formalmente solicito.

Moitas grazas

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor BEIRAS TORRADO: Grazas, señor presidente. Señorías, eu estaba lembrándome de como rematara, ou como fóra a fase final do debate, equivalente ó que hoxe estamos realizando, o ano pasado, e como é ben simple evitar que se produza a situación explosiva e de tensión que daquela se produciu, simplemente porque o Grupo Parlamentario Popular nin sequera compareceu na suspensión da sesión para manter contactos, conversas cos demais grupos, aínda que só fose para dicir: "non estamos en condicións de aceptar nada". Esta vez a actitude foi outra e xa ven cal é a diferenza tanto nas súas consecuencias coma no desenlace ou no decurso da fase final desta sesión.

Dito isto, coa maior brevedade posible debo dicir que o BNG vai votar a prol de tódalas propostas de resolución presentadas por Coalición Galega. Que, así mesmo, vai votar a prol de tódalas propostas de resolución presentadas polo PSG-EG. Respecto das 206 propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista, o BNG vai votar a prol da maioría, da inmensa maioría delas, aínda que nalgúns faremos constar, no momento en que se vaia proceder á votación, que imos solicitar que se desglosen nun segundo grupo. Imos ter que absternos, máis que nada, por diferencias de criterio e punto de vista sobre a maneira de correlaciona-lo tratamento político das cuestións no que lle incumbe ó Goberno galego e a institucións do Goberno e do Parlamen-

to galegos, e as que lle incumben ó Goberno central e á Administración central.

Non é cousa de entrar agora polo miúdo nesta cuestión, simplemente quero enunciar que ese é o motivo da nosa actitude de abstención respecto dese grupo delas. Tal vez nos trabuquemos, parécenos que non podemos facer outra cousa que votar en contra, a non ser que por parte do Grupo Parlamentario Socialista se faga unha aclaración satisfactoria, é a resolución 10.635 pola que "O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ós axentes económicos e sociais para fomenta-los contratos a réxime de tempo parcial co fin de xerar emprego". Pensamos que na situación laboral actual, no proceso que se está levando a cabo de desarme do marco laboral existente, propio dun Estado de benestar e propio dunha filosofía política cando menos socialdemócrata, introducir isto coma unha iniciativa de actuación, polo tanto activa, dunha actitude activa do propio Goberno galego para suscitar e estimular-los axentes económicos e fomenta-los contratos a réxime de tempo parcial, sería enormemente perigoso e, desde logo, o sindicalismo nacionalista non o entendería. Nós temos unha coincidencia de puntos de vista sobre o problema laboral enormemente amplo co sindicalismo de clase nacionalista, dígoos así de claro, é o único caso en que en principio, a nosa postura é de voto negativo.

No tocante as propostas de resolución do Grupo Popular, en principio imos votar a prol delas, de todas. Todo o que son reclamacións que fagan as institucións do poder autonómico galego para que o Goberno do Estado, mentres esteamos nun Estado das Autonomías e non cun Estado galego independente, como o que din os señores do PP que nós reclamamos, ou a república como pedía Castelao. Esta mañá un dos conselleiros preguntábame na cafetería que era aquela cousiña que o levaba, ese alfinete que levaba prendido na camisa, e cando lle explicaba que era unha reprodución de orfebre en miniatura do escudo de Galicia que Castelao deseñara e publicara na revista Nós como proposta de escudo de Galicia que é unha serpe abranguendo un escudo de fondo azul coa fouce e a estrela, non do marxismo senón do Partido Galeguista e co lema: "denantes mortos que escravos", está claro que Castelao propuña un escudo de Galicia para unha Galicia nova que, ademais, ía ser un-

ha república, e unha república por definición é unha forma de Estado, non unha forma dunha Comunidade Autónoma. ¿Vostedes conciben que poidamos falar da Comunidade Autónoma galega coma dunha república?

E vostedes veneran a Castelao, fanlle ofrendas florais todos, alí onde está, debaixo daquela lousa inmensa en Bonaval, téñeno ben esmagadiño e veneran a Castelao tódolos días e logo resulta que aquí se alarman de que non saben o que dicía Castelao. ¡Claro!, non saben, nin sequera o sabían, e iso non é culpa de vostedes, non hai culpación, pois non sabían ou non saben moitos de vostedes cal era o escudo de Galicia o propuña Castelao, e non no propuña no ano 1936 nin despois no exilio, despois da guerra civil, a revista Nós publicábase nos anos 20.

Non sei xa moi ben a que viña isto, pero viña a algo. Viña a quen nós mentres dure este estado de cousas e esta situación institucional do Estado que nós non consideramos que sexa eterna e perpetua, porque cremos que a historia é un proceso, non suscribímolas teses das que agora tanto se fala do fin da historia, que provocan o libriño de Giuseppe Fontana, que é máis frouxo do que eu esperaba, e, polo tanto, nin a Constitución é a Biblia nin é o Talmud nin é o Corán nin hai ningunha garantía Os últimos césares do imperio romano estaban convencidos de que o imperio romano ía durar eternamente, e estaban cos bárbaros ás portas de Roma. Estaban xa dentro, non é que entrasen de repente, estaban dentro, ata que un día se fartaron e dixeron: xa que estamos dentro, ¿porque non botamos estes mantas? E botáronos, e acabou a historia, pero non o vían vir.

Polo tanto, o que queremos dicir con isto - deixo a digresión, señor presidente, descúlpeme, pero se cadra tamén estamos nun ton que pode resultar relaxante se aburro, calo ¿eh?- é que estamos de acordo e somos absolutamente reivindicativos para esixirlle ó Goberno do Estado, ás Cortes españolas, etc, que cumplan taxativamente tódalas súas obrigas con Galicia. Polo tanto, nos imos apoiar iso, o que nos sorprende é que por parte do Grupo Popular non se faga outro tanto con moitas das propostas de resolución, das poucas que presentou o BNG, porque fomos máis ben selectivos, que son igualmente congruentes e que non son unha.

O que nos sorprende é que por parte do Grupo Popular non se faga outro tanto con moitas das propostas de resolución -das poucas que presentou o BNG, porque fomos máis ben selectivos- que son igualmente congruentes, e que non son unha proposta de agresión á Xunta de Galicia, senón unhas propostas de estímulo, para que faga cousas que si que están nas súas competencias e sobre temáticas nas que comparte competencias co propio Goberno do Estado.

Entón, eso si que nos parece raro. E como -remato, señor presidente-, de todas maneiras, iso vaise dilucidar dentro duns meses, é dicir, cando as contradicións aflorasen suficientemente, e polo tanto, a base de moitas sesións retransmitidas, como a de hoxe -non sei si a de hoxe se está retransmitindo é igual, a de onte retransmitiuse en directo- os cidadáns directamente poidan sabelo que pensa cadaquén, o que fai cadaquén, que contradicións ten, que contradicións oculta, cales saltan á superficie, como sabemos que agora vai ser absolutamente transparente o comportamento dos medios de comunicación públicos autonómicos, pois verán vostedes o que vai pasar no próximo outono; entón, esas contradicións saltarán a vista e os cidadáns actuarán en consecuencia e non lles arrendo a ganancia, iso é a verdade.

Pero, permítanme, simplemente, facer constar aquí que é incongruente -e non entro a valorar aquelas inciativas que vostedes van apoiar que son dúas, porque lle corresponde ó portavoz do Grupo Popular, e, aínda que eu non teña logo o uso da palabra, correspóndelle a el dicilo e non vou eu, polo tanto, a adiantarme nin a pisarlle o terreo que é seu-, que vostedes que, precisamente, están no Goberno de Galicia, da mesma maneira que son moi reivindicativos nas súas propostas de resolucións co que lle corresponde ó Goberno do Estado, sexan sordos ás propostas que fai o BNG no tocante ás responsabilidades do Goberno de vostedes dentro de Galicia.

E dicir, iso é -e non o tomen como unha ofensa, senón como un diagnóstico- unha visión esquizoide da realidade e da política, e as visións esquizoides acaban en esquizofrenía política e a esquizofrenia acaba en derrota electoral, porque os cidadáns non son esquizofrénicos.

Moitas gracias pola súa atención e a súa benevolencia por non sublevarse polo último que acabo de dicir.

Máis nada.

(Hilaridade).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Salgado García polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SALGADO GARCIA: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, vou intentar expresa-la postura do Grupo Socialista sobre as resolucións presentadas polos diversos grupos desta Cámara. Voume centrar, como non podía ser doutro xeito, nos aspectos socioeconómicos porque, en realidade, o que hoxe está preocupando fundamentalmente á sociedade galega, o que está hoxe no miolo e no centro das súas preocupacións é sin dúbida de ningún tipo o tema económico, as dificultades económicas que atravesamos non só España, senón todo o escenario internacional e, como non, os niveis de emprego e de paro que se están soportando en Galicia.

Digo que este é o centro da cuestión e ningún o poñerá en dúbida, pero si hai alguén que o pon en dúbida: o propio presidente do Goberno que hoxe está ausente, é o gran ausente de triste lembranza histórica por certo. Afeito a sobrevoa-los problemas -avión, helicóptero-, levitando perpetuamente, non lle parece interesante un debate para toma-lo pulso, para face-la radiografía da situación de Galicia, especialmente, no que se refire ós temas socioeconómicos, que son, como dicía, os que preocupan de verdade.

Eu témome que lle pode pasar como a Anteo.

¿Coñecen vostedes a mitoloxía grega, verdade?- que cando levitaba, cando o arrincaban da terra, cando lle quitaban os pes da terra, perdía tódalas súas forzas. Eu estou seguro que é o que lle vai ocorrer.

Da a impresión, ás veces, que o noso presidente da Xunta de Galicia, pensa que Galicia lle queda pequena. Eu estou convencido de que é a Galicia a quen lle queda pequeno este Goberno e este presidente.

Señorías, necesariamente, teño que dedica-la maior parte do tempo desta intervención a falar das resolucións presentadas polo Grupo Parlamentario Popular. Teño que facelo así, porque é a expresión cabal, a expresión definitiva e a expresión contundente das carencias e das lagoas do Goberno que aturamos. Un Goberno que simplemente está intentando un día si e outro tamén escurri-lo vulto, achicar balóns, botar responsabilidades cara a outras latitudes, xa sexan entes, administracións, chámense cidades, Bruselas, Madrid, sen ser quen de colle-las súas propias responsabilidades, exercelas e levar este país a bo porto.

Vostedes, señores do Goberno -vostede, señor ausente- non queren gobernar. Vostedes non están dispostos a gobernar nin moito menos, vostedes están tódolos días buscando chivos expiatorios, vendo a quen lle poden bota-las culpas do que se fai mal e do que non se fai nin ben nin mal, e iso é o que vostedes están a facer cotidianamente, cunha soa excepción: cando noutras Administracións se adoptan medidas, se adoptan accións que son claramente beneficiosas para esta terra. Por exemplo, cando se fala de autovías, por exemplo, cando se fala de telefonía rural, por exemplo, cando se fala dunha rede gasística, etc, etc.

Son vostedes, señores como o cuco, igual co cuco. Os que vivimos na aldea todos sabiamos que o cuco tiña un canto moi fermoso; quero decir que é un paxaro que fai moi ben as publi-reportaxes, niso parécese. Pero, ademais, o cuco ten tamén outra especialidade, que non se lles esqueza a vostedes: está afeito a poñer-los ovos en niño alleo, ou sexa, que dalgunha maneira aproveitarse das virtudes, dos logros e dos traballos dos demais.

Pois ben, deixen de face-lo cuco, collan o timón e cando os ventos non sexan favorables -como lles ten dito máis dunha vez o noso portavoz en debates anteriores- e non o son falando da coxuntura económica nacional e internacional, pois, boten os remos e a remar, non só vos-

tedes, senón tódolos todos os membros desta sociedade galega. Asuman, en definitiva, as súas competencias e exérzanlas.

Onte púsoxe de manifesto a hemorraxia de postos de traballo que está a sufrir-la Comunidade Autónoma de Galicia e significativamente a hemorraxia que está a sufrir con especial virulencia desde que o Goberno tripartito deixou os seus labores, as súas responsabilidades de Goberno, desde o ano 1989 ata o ano 1992.

E, por máis que intentaron disfrazalo, as cifras son as que son: de cada tres postos de traballo que se destruíron en España nese período, un correspondeulle a Galicia, e o paro medrou máis do dobre do que o fixo no resto de España, un 40,7%, fronte a un 20 e pico %.

Iso é así. E fronte a isto, ¿que resposta teñen vostedes? ¿Que resposta nos dan?: “non temos ferramentas”, “non temos instrumentos”, “non temos políticas axeitadas”, “non podemos facer nada”, “estamos indefensos”. Esa é a única desculpa que nos poñen. E por non facer nin sequera len o Estatuto de Autonomía, porque si o lesen, verían como o seu Aatigo 30 dí claramente que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma o fomento e a planificación da actividade económica en Galicia.

E se o fixeran, explicarían ós galegos o que fan cada ano cun millón de pesetas que teñen nas súas mans, un millón de pesetas por cada familia galega. E, precisamente, hoxe, como nos están escoitando os galegos, gustárame preguntarlles se hai algunha familia en Galicia que reciba en subvencións, en servizos públicos, en transferencias, no que queiran vostedes, ese millón de pesetas que vostedes xestionan cada ano terían que ver vostedes cal é a resposta nese caso. Pero sei que están postos polo concello.

Non imos falar hoxe de dilapidación, señorías, non se preocupen. Poderíamos falar de inmatériaís, de xacobeos, de Julio Iglesias, de palacetes. Pero hai unha dilapidación superior. A grande dilapidación é a dilapidación de confianza que efectuaron vostedes nestes tres anos; a gran confianza que depositaron moitos galegos -menos da metade loxicamente- vostedes a están dilapidando.

Balóns fóra incompetentes, que non quere decir que non teñan competencias, teñen posiblemente máis das que poden asumir. Impotentes, tanta impotencia que eu ata teño dúbidas de que vostedes poidan corrixi-las regresivas tendencias demográficas, porque a impotencia é tan grande que dificilmente o van a poder facer e ...

(Murmurios).

O señor PRESIDENTE: Estamos no posicionamento.

O señor SALGADO GARCIA: Perdón, señor presidente. Cando os señores da dereita se tranquilicen e me permitan continuar, fareino.

Señor presidente, quería dicirlle que estou facendo unha introducción ás propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: O debate do Estado da Autonomía foi onte. Hoxe estamos nas propostas de resolución, e unicamente como galego me atrevo a dicirlle que lea vostede as estadísticas que publica o "Diario de Pontevedra" sobre iso da impotencia.

O señor SALGADO GARCIA: Gracias, señor presidente. Asumo a reconvención do señor presidente, pero evidentemente non podo compartir o feito de que o debate da Autonomía acabou onte. Para nos vai acabar hoxe co debate das propostas de cada un dos grupos; aí é donde acaba para nós, para o Grupo Socialista, o debate da Autonomía.

Pero ben, imos directamente, entón, o que supoñen as resolucións que vostedes presentaron, señorías.

Primeiro, nós témoslles que recoñecer un pequeno mérito. Aquí hai unha mínima autocrítica, e recoñecémola como tal: como mínima autocrítica. Parece que lles mancou o debate de onte e hai unha mínima autocrítica. ¿De que xeito? Propoñendo, por exemplo, a creación dun grupo lácteo. Fíxense vostedes: no ano 1989, sentámo-

las bases para esa formación dun gran grupo empresarial lácteo galego. Desde entón, o que vostedes fixeron foi transferir, vender, ademais adubiado en subvencións multimillonarias, o principal grupo lácteo galego as multinacionais - e, desde que nós estamos na oposición, señorías, non deixamos de reclamar en cada un dos proxectos de presupostos que se presentaron nesta Cámara a creación dun gran grupo empresarial lácteo galego. E, por fin, con tres anos e medio de retraso, parece que o Goberno do señor Fraga, a Xunta de Galicia, asume ese tema. Pois, benvido sexa; lamentámo-lo retraso, pero benvido sexa. Nós desde logo, como non podía ser doutra maneira, imos apoiar esa resolución.

Señor presidente, eu creo que o murmurio me está distraendo.

O señor PRESIDENTE: Señor Salgado, creo que a Cámara está tendo un comportamento normal e esta presidencia aténdeo con toda exquísitez.

O señor SALGADO GARCIA: Gracias, señor presidente.

Segunda autocrítica que fan vostedes. O Parlamento, insta a Xunta de Galicia -ou sexa, ínstanse a vostedes mesmos- para que por unha parte reforce os programas presupostarios destinados ó apoio financeiro á pequena e mediana empresa.

Señorías, en tódolos presupostos da Comunidade Autónoma, este grupo, e non só este grupo, senón tódolos grupos da oposición, pedimos máis recursos e unha maior prioridade para os convenios e o apoio financeiro á pequena e mediana empresa; e, agora, pois moi ben, con tres anos e medio de retraso recoñecen as súas señorías...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle abrevie.

O señor SALGADO GARCIA: ...que estábamos no certo.

Señor presidente, vou rematando. Pero, desde logo, non vai potencia-las pequenas e medianas empresas firmando convenios coas entidades financeiras a un tipo do 16,6% de interese. Así non, señor Conselleiro de Economía e Fazenda. Non van potencia-las pequenas e medianas empresas, eliminando a cláusula que obrigaba a crear postos de traballo ou a manter postos de traballo, para beneficiarse dos subsidios ós tipos de interese.

Terceira autocritica que fan. Dinos agora que tamén hai que face-la autovía do Cantábrico. Pero señorías, ¿se vostedes non reuniron nunca a comisión de transportes da Cornisa Cantábrica! ¿Se vostedes abandoaron ese tema! ¿Como nos queren agora vender isto. A pesar de todo; conte co noso apoio nese tema.

Pero hai tres ou catro resolucións que presentan, que son as fundamentais, refírense á empresa pública..

O señor PRESIDENTE: Teña a bondade de abreviar, señor deputado.

O señor SALGADO GARCIA: Si, señor presidente, remato enseguida, pero este paréceme un tema moi importante.

O señor PRESIDENTE: Recórdolle que leva excedido o 120% do tempo sinalado. Teña a bondade de rematar.

O señor SALGADO GARCIA: Si, señor presidente, sempe dixen que estaba vostede moi ben en porcentaxes. Vostede utiliza as porcentaxes mellor que onte o presidente da Xunta.

Empresa pública. A mellor definición, a mellor plasmación de dimisión das súas propias responsabilidades, señorías; Astano por aquí, Bazán por acolá, Barreras máis alí. Vostedes queren agora estar presentes nos Consellos de Administración, e nós o primeiro que temos que preguntar é: ¿para que? ¿Para qué, para qué queren estar? ¿De ointes?, ¿de reclamantes?, ¿de figurantes? ¿Qué é o que queren facer aí?

O primeiro que temos que decir é o seguinte. Nós somos partidarios de que nas empresas públicas, neste caso de titularidade estatal, estea representado quen ten que estar representado: capital e traballo. Ou dito doutra maneira: propietarios e sindicatos. Iso sí que nos parece lóxico. Pero se teñen que meter na cabeza que vostedes non son un sindicato indicativo fronte a; vostedes son un Goberno que teñen que gobernar señorías, e non seguir unha tendencia de sindicalización e estar sempre reclamando o que vostedes son incapaces de asumir.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle remate, señor deputado.

O señor SALGADO GARCÍA: Remato xa señor presidente, pero é importante que explique a nosa postura.

Nós non nos opoñemos a que vostedes participen nas empresas públicas estatales. Quere-mos que participen con tódalas consecuencias na parte accionarial que lles corresponda. Quere-mos que estean no capital social, non de figurantes, senón asumindo tamén a xestión que, como moi ben dí o propio Estatuto de Autonomía: "A Comunidade Autónoma Galega participará tamén na xestión do sector público", aí mollándose e comprometéndose.

E, señor Fernández, xa que tanto insiste voulle dicir algo mais...

O señor PRESIDENTE: Señor Salgado, non me obligue a retirarlle a palabra. É a quinta vez que lle pido que remate. Por favor, abrevie e remate.

O señor SALGADO GARCIA: Só lles dicía, señorías, que se queren estar de verdade, por exemplo, propoñan aquí nesta Cámara e o grupo socialista vainos apoiar, que mañá mesmo ASTANO é asumido pola Comunidade Autónoma, ó prezo dunha peseta. capitalizado sen cargas financeiras. Estamos dispostos como grupo a defendelo con vostedes. Asuman as cousas como hai que asumilas, con valentía. Porque o que

non é Galicia é unha partida de dominó de sobremesa.

Señor Fraga, señor ausente, sinto moito que en temas de tanta transcendencia estea sobrevoando os problemas.

Mais nada.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor González Suárez, polo grupo parlamentario popular.

O señor GONZALEZ SUAREZ: Señor presidente, señorías, señor Salgado, don Fernando, o pobo galego decidiu no seu día quen quería que tiña que gobernalo e quen conformaría a oposición. Polo tanto, nós temos un mandato imperativo de gobernar esta terra, porque así o quixo Galicia, e vostedes teñen a obriga -moi digna por certo, onde nós tamén estivemos- de ser oposición e de exercer este papel. Polo tanto, non veña cambiando os roles.

Señores portavoces de tódolos grupos parlamentarios da oposición, entende este portavoz que están perfectamente lexitimados para presentalas propostas de resolución que queiran, pero tamén teñen que recoñecer democráticamente que nós temos perfectamente a lexitimidade para rexeitar aquelas que cremos que así o debemos facer.

Pequenas matizacións sobre as propostas de resolución dos grupos parlamentarios.

Señor Oujo, con todo respecto, non veña a tocar de oído aquí. Onte -e que quede claro para tódalas señorías- no Senado se debateu a toma en consideración da modificación do regulamento do mesmo, e o noso Grupo Parlamentario non lle deu os seus votos, porque a tal modificación non foi consensuada. Simplemente por iso. En canto ó que vostede dí do uso do galego no Senado, os nosos deputados votarán positivamente que quede claro.

Señor presidente, rogaríalle que non se poñan nerviosos os dos escanos da esquerda, que eu tampouco me poño. (Interrupcións).

E non é un problema decimonónico xa pasado. Señor Santos Oujo, vostede xa citou aquí unhas determinadas propostas de resolución, que nós irnos secundar cos nosos votos. Polo tanto, unha vez mais dígoo nesta Cámara para que quede constancia disto. Xa diremos no seu momento o número das propostas que son. Algunhas delas son coincidentes con outras, e outras son orixinais de vostede.

Señor Nogueira, ¡que quere que lle diga! Vostede é especialista en números imaxinarios. O número un, o famoso número un; ten a teimosía de barallar cifras que nalgúns casos eran a mesma cantinela dos nenos do colexio de San Ildefonso: "20.000 pesetas", "50.000 pesetas".

Señor Merino, volveu ó discurso de onte, dicindo que o discurso do presidente tiña sido aburrido. Moi ben. ¿E vostede nunca tan pausado, acaso, que o seu discurso foi plúmbeo, tedioso e voluntarista?

Señor Nogueira, ¿que quere? ¿Facer unha moción de censura? Fágaa, preséntese como candidato alternativo, acade os votos precisos e responda ó que dí o regulamento. Pero vir aquí coa cara lavada a falar de que rexeita ó señor presidente, é puro voluntarismo, señor Nogueira, cousa que vostedes -xa llo dixen o ano pasado- é moi aficionado. Aínda así, señor Nogueira, sabe vostede que este Grupo Parlamentario lle vai aprobar a vostede catro propostas de resolución. E iso que, realmente, algún espontáneo que non sabe o que dí, entón, dedícase a animalo, señor Nogueira. (Hilaridade).

Agora, eu preguntolle unha cousa: ¿A quen quere estimular coas reiteradas fanfurriñadas contra o señor Presidente da Xunta de Galicia? Se esta torpe propaganda se dirixise á cidadanía en xeral, en pouco valora vostede a perspicacia dos galegos, e se está dirixida a súa militancia non deixa de ser unha equívoca sinal de que son moi escasos os seus combustibles.

Vostede, señor Nogueira, hai moito tempo que deixou de ser alternativa, porque nunca o foi.

Espero da xenerosidade do señor presidente, que me dea, polo menos, o 200% do tempo que lle habilitou o señor Salgado.

Señor portavoz do BNG, xa lle anunciei que nós imos aprobar dúas propostas de resolución de vostedes, unha referente ó sector conserveiro, e outra que neste momento non me lembro, pero vostede sabe perfectamente cal é.

As propostas non aceptadas o noso grupo non as pode aceptar, -insisto-, porque non responden as nosas formulacións e algunha delas incluso, foi votada moi recentemente noutros debates doutra índole, onde, naturalmente, se lle dixo que "non". Polo tanto imos ser coherentes con isto.

Certo profesor de lingua e literatura españolas, citáballe un día ós nenos dese magnífico libro de Rubén Darío de "Prosas Profanas", aquilo de: "que púberes cáneforas que ofertan el acanto ..." e os alumnos non se quedaron mais que co "que". Teño que confesar que da defensa que fixo aquí o señor portavoz do partido socialista, o señor Presedo, sobre as súas propostas, só me quedei co que sigue: Primeiro, que os membros do Grupo Popular somos mártires; segundo, que non está o señor Presidente da Xunta; e, terceiro que non lle gusta moito a música de Wagner, e a min tampouco, e ademais mo explico: porque a música de Wagner aínda non emplea o saxofón que emplea o señor Clinton.

Pero na defensa propia das súas propostas de resolución, teño que confesar que non as defendeu, señor Presedo, e cando hai concesión de parte sabe o que hai que facer: non aceptarlhas, eso está claro. Vostede non fixo ningunha defensa.

Pero non me resisto a deixar de facer unhas breves comentarios sobre as once emendas nas que van reprobando a todos e cada un dos conselleiros da Xunta de Galicia.

Xa lles dixen o ano pasado -e reitéroo hoxe- que vostedes buscan un procedemento torcido". Voullo a decir en castelán a ver se o entenden mellor: "contra dereito", "contra razón", "contra xusticia". É dicir para facer unha crítica sen debate, sen argumentos, voluntaristicamente. Ademais, veñen coa idea -eu diría que coa ocuren-

cia peregrina, imos chamarlle así- de que os que estamos sentados nestes escanos lle imos da-la razón ás propostas de vostede. Permitan que llo diga en tono coloquial: "límpate que estás de ovo". Cando queiran presentar unha iniciativa deste tipo, veñan a un debate e debatimos. E vostedes van dicindo cal é a ineficacia destes señores; e, incluso, iso da exemplaridade. E nese intre facemo-la discusión que queiran.

Señor presidente, que se calmen que non pasa nada.

Señor Salgado, ¿de quén son as competencias da ordenación macroeconómica, as negociacións coa CEE, as comunicacións ferroviarias e autoviarías co exterior mais que de vostedes? Vostede sabe moi ben que a crise das empresas e a atonía investidora son a causa mais importante do paro e dérivase da fiscalidade, da ordenación do mercado laboral e das grandes infraestructuras. Decía o señor Solchaga, o ministro de vostedes en Madrid: "No hay razones para que el pesimismo se instale en la economía española. Las razones del paro obedecen a un reajuste de plantillas por el aumento excesivo de los salarios" Toma del frasco Carrasco. É dicir, como sempre ¿a culpa téñena quen?: os traballadores.

Supoño que as duascenas propostas de resolución do Grupo Docialista fan referencia ó anunciado por vostedes ben recentemente daquilo de "medidas para os cen primeiros días de Goberno", ou cen medidas para gobernar noutros tantos días. O caso é que tamaña afirmación só pode xustificarse na creencia, ou mellor dito, na absoluta seguridade que teñen vostedes de que non gobernarán esta Comunidade Autónoma na vindeira lexislatura. É a única maneira de poder explicar semellante necidade. ¿Como lles molesta que lles digan iso!

O señor PRESIDENTE: Agradézolle vaia rematando, señor deputado.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Quizás sería positivo que lle desen a receta ós seus correlixionarios de Madrid, e así cambia-la situación española, aínda que fosen douscentos días en vez de nos cen.

O que sucede é que vostedes poden promete-lo ouro e o mouro, como soen face-los partidos que non van gobernar. É increíble que certos partidos opten por mesaxes xeneralistas e vanos, promesas idílicas incumpribles cheas de sen sentido.

Señor presidente, vou rematando.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle vaia rematando.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Fixen xa o que realmente era posicionarme sobre as emendas de tódolos grupos, e ó mesmo tempo responderlle un pouco ó que fixeron aquí moitos portavoces.

Moitas gracias, señor presidente. (Aplausos).

O señor PRESIDENTE: O señor Rodríguez Pardo pedírame previamente a palabra, que lle concedemos gustosamente.

